

## **PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 28-02-2023, ditou a resolución con número 549/2023 que deseguido se transcribe:

### **RESOLUCIÓN**

#### **Aprobación da listaxe de persoas candidatas para a provisión interina ou temporal de Auxiliares Administrativos no concello de Carballo.**

##### **Antecedentes.**

**Primeiro.-** Por resolución da alcaldía número 3412/2022, do 15/11/2022 aprobáronse as bases da convocatoria para a formación dunha listaxe de persoas candidatas para a provisión interina ou temporal de auxiliar administrativo, mediante o sistema de concurso-oposición. A dita convocatoria foi publicada no BOP nº 220, do 21/11/2022.

**Segundo.-** Por resolución da alcaldía núm. 3412/2022, do 15/11/2022, aprobouse a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no devandito proceso, e procedeu á designación do Tribunal, e á fixación da data do primeiro exercicio da fase de oposición do proceso, que tivo lugar o día 17/01/2023.

**Terceiro.-** Con data 08/02/2023 publicouse, no taboleiro de edictos e na web municipal, o anuncio cos resultados definitivos da fase de oposición, e dos resultados provisionais da valoración dos méritos na fase de concurso, abríndose con esta publicación un prazo de tres días hábiles para a presentación de alegacións contra da valoración provisional dos méritos.

**Cuarto.-** Con data 13/02/2023 tivo lugar unha reunión do tribunal seleccionador no transcurso da cal se resolveron as alegacións presentadas polos aspirantes. Así mesmo, e de conformidade coas bases da convocatoria, o tribunal traslada á Alcaldía, as puntuacións obtidas polos aspirantes.

Ante a imposibilidade de resolver tódolos empates habidos unha vez esgotados os criterios establecidos na base 7ª das bases reguladoras da convocatoria, o Tribunal, propón á Alcaldía que decida a realización dun sorteo público cada vez que exista un empate entre candidatos, para proceder ao chamamento,

**Quinto.-** Por resolución de Alcaldía nº 490/2023, do 22/02/2023, ordenouse a realización dun sorteo público para resolver todos os empates que persistían na listaxe de persoas candidatas do proceso Selectivo arriba referenciado. O sorteo público para resolver todos os empates producidos na puntuación final tivo lugar o xoves **23 de febreiro de 2023, ás 9:30 h**, no salón de Plenos deste concello de Carballo e que se desenvolveu tal e como consta na acta do tribunal do seguinte modo:

“O Secretario do acto informa que se introducirán tantas bolas nunha bolsa opaca como aspirantes empatados existan na posición na que é preciso resolver o empate, numeradas do 1 ao último dos empatados (1 e 2, 1 a 3 ou 1 a 4). A funcionaria que preside o sorteo, procederá, ante a non asistencia de público, a extraer, a cegas, bolas da bolsa, sendo o número que primeiro sexa extraído o que acadará a primeira posición da orde a desempatar, de xeito que, se sae, por exemplo, en primeiro lugar a bola número 2, a aspirante identificada co nese número pasará a ocupar o primeiro posto na orde de desempate.

Acto seguido, procédese a aplicar o criterio anterior nas posicións a desempatar, resultando os seguintes resultados: Empate na posición 2ª: Extráese a bola nº 2, polo que a aspirante VILANOVA ANÓN, CRISTINA, pasa a ocupar a posición nº 2, en tanto que CANCELA COTELO, ANA MARÍA, ocupará a posición nº 3

Empate na posición 32: Extráese a bola nº 2, polo que a aspirante PENERBOSA GARCIA, LUCIA, pasa a ocupar a posición nº 32, en tanto que BOQUETE BOUZAS, OLALLA, pasa a ocupar a posición nº 33.

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
 Praza do Concello S/N  
 Teléfono 981 70 41 00  
 www.carballo.gal  
 infocarballo@carballo.gal  
 15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000019  
 Exp. 2023/G003/000542

Empate na posición 34: Extráese a bola nº 1, polo que a aspirante LORENZO SEPULVEDA, AURORA, pasa a ocupar a posición nº 34, en tanto que ROJAS LOPETEGUI, RAUL, pasa a ocupar a posición nº 35

Empate na posición 37: Extráese a bola nº 1, polo que a aspirante GARCIA PENSADO, MARIA DEL CARMEN, pasa a ocupar a posición nº 37, en tanto que IRIGOYEN VAZQUEZ, SERGIO, pasa a ocupar a posición nº 38.

Empate na posición 43: Extráese a bola nº 2, polo que o aspirante BARREIRO QUINTANS, DANIEL, pasa a ocupar a posición nº 43. De seguido, extráese a bola nº 3, polo que a aspirante VARELA BARROS, LETICIA, pasa a ocupar a posición nº 44, en tanto que BARBEIRA BLANCO, SERGIO, pasa a ocupar a posición nº 45.

Empate na posición 49: Extráese a bola nº 1, polo que a aspirante FERNANDEZ NUÑEZ, MIREIA pasa a ocupar a posición nº 49, en tanto que REGUEIRA TRIGO, MARIA DEL CARMEN, pasa a ocupar a posición nº 50.

Empate na posición 58: Extráese a bola nº 1, quedando CARRACEDO CASTIÑEIRAS, JESSICA, na posición 58, e RODRIGUEZ ESPASANDIN, PILAR, na posición 59.

Empate na posición 60: Extráese a bola nº 1, quedando TRILLO GONZALEZ, MARIA BELEN na posición 60, e VILLAR ALDAO, ALEJANDRO JOSE, na posición 61.

Empate na posición 64: Extráese a bola nº 1, quedando CARRACEDO COSTA, SONIA MARIA, na posición 64. De seguido, sae a bola nº 3, quedando VAZQUEZ RODRIGUEZ, LARA, na posición 65 e, xa que logo, GARRIDO LOPEZ, ESTHER, na posición 66.

Empate na posición 70: Sae a bola nº 4, quedando SUAREZ BELLO, CRISTINA, na posición 70. De seguido, sae a bola nº 1, quedando ANTELO VARELA, NOELIA, na posición 71. A continuación, sae a bola nº 2, quedando BASADRE BELLO, MARIA, na posición 72, e, polo tanto, ESMORIS PUÑAL, MARIA, na posición 73.

Empate na posición 74: Sae a bola nº 2, quedando RIAL RODRIGUEZ, LUIS, na posición 74, e, polo tanto, PASTORIZA GARCIA, MARIA JOSE, na posición 75.

Empate na posición 77: Sae a bola nº 2, quedando POMBO VARELA, SONSOLES, na posición 77, e MARTINEZ PAZOS, CANDIDA, na posición 78.

Non habendo mais empates a resolver, o Tribunal estendeu a correspondente acta coa lista e orde definitivo de aspirantes “

Vista das actuacións anteriores e de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente, **RESOLVO**:

**Primeiro.-** Aprobar a creación dunha listaxe de persoas candidatas para a provisión interina ou temporal de Auxiliares Administrativos segundo a proposta do Órgano de Selección deste proceso selectivo unha vez resoltos os empates que persistían na listaxe.

Integrarán a mencionada lista de substitucións os/as aspirantes incluídos/as na proposta de listaxe de substitucións elevada polo Tribunal a esta Alcaldía, segundo o Acta final do 23/02/2023.

Orde	Apelidos e nome	Total
1	PINAL SEOANE, SILVIA	34,2
2	VILANOVA AÑON, CRISTINA	34
3	CANCELA COTELO, ANA MARIA	34
4	FREIRE RICO, SILVIA	33,25
5	LOPEZ BARRAL, MARIA INES	32,75
6	PALLAS ALDAO, SARA	32,5
7	MILLOS BERNARDEZ, PABLO	32,4
8	REINO REY, ALBA ANDREA	31,95
9	BELLO SANCHEZ, LUCIA	31,45

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
 Praza do Concello S/N  
 Teléfono 981 70 41 00  
 www.carballo.gal  
 infocarballo@carballo.gal  
 15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000019  
 Exp. 2023/G003/000542

10	GOMEZ BOLON, DANIEL	30,95
11	LAGO CASTRO, ANA	30,15
12	PAZOS SANCHEZ, EMMA	28,8
13	FERNANDEZ CAAMAÑO, MARIA	28,6
14	LEMA AMADO, NOELIA MARIA	28,2
15	SOTO LOPEZ, MARIA JOSE	28,15
16	RODRIGUEZ SUAREZ, SILVIA	28,05
17	CADAVEIRA REGUEIRO, IRIA	27,95
18	COUSILLAS PEREIRO, SHEILA MARIA	27,8
19	ESCARIZ CAMOIRA, ALVARO	27,75
20	COUCEIRO MONTES, JOSE DAVID	27,25
21	VAZQUEZ BARRIENTOS, SANDRA	27
22	GARCIA GOLAN, ALBERTO	26,6
23	CARRILLO CASTELO, MONICA	26,4
24	GARCIA SUAREZ, ERICA	26,35
25	RODRIGUEZ ARAN, MARIA VANESA	26,25
26	FRAGA PIÑEIRO, JOSE LUIS	26,2
27	RODRIGUEZ BENLLOCH, FERNANDO	26,1
28	SANTOS ESPÍNEIRA, DIANA VIRGINIA	26,05
29	RAMA NUÑEZ, MARIA DEL PILAR	25,8
30	GUILLIN LIÑEIRO, MARIA DOLORES	25,65
31	MERA OUTEIRAL, ALEJANDRO	25,05
32	PENERBOSA GARCIA, LUCIA	24,75
33	BOQUETE BOUZAS, OLALLA	24,75
34	LORENZO SEPULVEDA, AURORA	24
35	ROJAS LOPETEGUI, RAUL	24
36	GARCIA CASTAÑO, SUSANA	23,85
37	GARCIA PENSADO, MARIA DEL CARMEN	23,25
38	IRIGOYEN VAZQUEZ, SERGIO	23,25
39	JUNCAL SILVEIRA, LORENA	23,25
40	PREGO MARIN, MARIA JOSE	23,05
41	ADAN ARCAI, LUCIA	22,6
42	CANCELA CEBEY, SANDRA	22,6
43	BARREIRO QUINTANS, DANIEL	22,5
44	VARELA BARROS, LETICIA	22,5
45	BARBEIRA BLANCO, SERGIO	22,5
46	BARCA NEIRA, MARIA LORENA	22,5
47	GARCIA DURAN, MARIA ANDURIÑA	22,5
48	SILVEIRA MALLO, MARIA ISABEL	21,95
49	FERNANDEZ NUÑEZ, MIREIA	21,75
50	REGUEIRA TRIGO, MARIA DEL CARMEN	21,75
51	ALONSO BLANCO, CLAUDIA	21,2
52	ADELANTADO DOMINGUEZ, SANDRA	20,7
53	PEREZ NOVAS, MARIA DE LOS ANGELES	20,7
54	ANTELO CUNS, NEREA	20,45
55	MALLO ANTELO, MARIA PILAR	20,35
56	DIAZ COTELO, PABLO	20,25
57	VAZQUEZ VILLAR, MARIA DOLORES	20,25
58	CARRACEDO CASTIÑEIRAS, JESSICA	19,8
59	RODRIGUEZ ESPASANDIN, PILAR	19,8
60	TRILLO GONZALEZ, MARIA BELEN	19,5

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000019  
Exp. 2023/G003/000542

61	VILLAR ALDAO, ALEJANDRO JOSE	19,5
62	MALLO BUÑO, ISABEL	19,35
63	CASTIÑEIRAS AMOR, CRISTINA	19,05
64	CARRACEDO COSTA, SONIA MARIA	18,75
65	VAZQUEZ RODRIGUEZ, LARA	18,75
66	GARRIDO LOPEZ, ESTHER	18,75
67	RUIZ VALENCIA, ALBERTO	18,7
68	CARRO RODRIGUEZ, MARIA DE LOS ANGELES	18,6
69	DIAZ GIL, JORGE	18,15
70	SUAREZ BELLO, CRISTINA	18
71	ANTELO VARELA, NOELIA	18
72	BASADRE BELLO, MARIA	18
73	ESMORIS PUÑAL, MARIA	18
74	RIAL RODRIGUEZ, LUIS	18
75	PASTORIZA GARCIA, MARIA JOSE	18
76	FACAL RODRIGUEZ, SUSANA	16,6
77	POMBO VARELA, SONSOLES	16,5
78	MARTINEZ PAZOS, CANDIDA	16,5
79	SANJURJO SILVARREDONDA, FRANCISCO JAVIER	16,3
80	LONGUEIRA REY, ANA ISABEL	16,05
81	PEREZ-HERVADA LEMUS, OLALLA	15,75
82	ANDRADE FRAGA, MARIA INES	15

**Segundo.-** O sistema de chamamento das persoas integrantes da listaxe para a súa contratación ou nomeamento terá carácter rotatorio e rexerá polo previsto na base 8ª das bases reguladoras desta convocatoria, que establece o seguinte:

O nomeamento/contratación dos/as aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de traballo, por orde decrecente de puntuación.

Chegado o caso de necesidade de substitucións, formalizarase nomeamento/contrato segundo a modalidade adecuada ás causas/circunstancias que motiven o dito nomeamento/contratación, consonte ao disposto ao efecto na normativa aplicable vixente á data do nomeamento/contratación.

**Desenvolvemento dos chamamentos**

Respectarase o sistema rotatorio de chamamento de compoñentes da listaxe, por orde de puntuación dos aspirantes que se rexerá polas regras seguintes:

- Os/as integrantes da listaxe non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda nestas ate que acaden doce meses de traballo, de tal xeito que se a contratación/nomeamento para a que son chamados/as ten unha duración inferior retornarán ao posto que novamente lles corresponda na listaxe.
- Cando un/ha compoñente da listaxe acade 12 meses de traballo permanecerá outros 12 meses en expectativa de volver a ser chamado, coa finalidade de garantir o sistema rotativo e a igualdade de oportunidades para todos os alistados.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica efectuándose, como mínimo, dúas chamadas, entre as 8.00 horas e as 15.00 horas.

Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento e a correcta localización das persoas candidatas, estas están obrigadas a comunicar por escrito calquera variación dos seus datos de contacto,

O/a empregado/a público/a que efectúe as chamadas fará constar mediante dilixencia a disposición do interesado a cubrir temporalmente a praza que corresponda. De non atender as chamadas, entenderase que o aspirante desiste de cubrir a praza.

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000019  
Exp. 2023/G003/000542

Os/as aspirantes que sendo requiridos para o seu nomeamento/contratación renuncien dúas veces seguidas ou non poidan ser chamados por causa non imputable á Administración, pasarán a ocupar a derradeira posición na bolsa de traballo para os efectos de novos nomeamentos. O mesmo proceso aplicarase a aquelas persoas que renuncien o desempeño do seu posto de traballo unha vez iniciada a prestación.

**Causas de exclusión.**

Serán causas/situacións de rexeitamento xustificadas as seguintes:

- Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.
- Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.
- Estar en situación de servizo activo en calquera Administración Pública ou entidade integrante do sector público, ou ter sido seleccionado/nomeado e atoparse en prazo de toma de posesión ou contratación para acadar a dita situación.
- Estar nalgunha das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación.
- Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
- Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

**Terceiro.-** Publíquese a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)) a efectos de notificación e presentación de alegación ou recursos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer **recurso contencioso-administrativo** ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (*contados dende o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios do concello de Carballo*).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer **recurso de reposición** ante o Alcalde do Concello de Carballo, no prazo dun mes (*contado dende ao día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios do concello de Carballo*). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso - administrativo ata que se resolva expresamente ou produza efectos a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

En Carballo, documento asinado dixitalmente na data indicada á marxe.

Alcalde  
Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario  
Miguel Piñeiro Souto

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000019  
Exp. 2023/G003/000542

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.  
Secretario  
Miguel Piñeiro Souto